

RESOLUCIÓN REITORAL DE 4 DE DECEMBRO DE 2020 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE APROBA A CONVOCATORIA DE PRAZAS DE INTERCAMBIO PARA O CURSO 2021-2022 EN VIRTUDE DOS CONVENIOS DE INTERCAMBIO ASINADOS CON UNIVERSIDADES EN PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS

A Universidade de Vigo asinou acordos de colaboración con institucións de ensino superior de países extracomunitarios que permiten a estudantes de Grao e de Mestrado da Universidade de Vigo cursar estudos nestas institucións recoñecendo os estudos desenvolvidos no marco deste programa polo seu alumnado mediante a elaboración dun contrato de estudos.

Esta convocatoria ten por obxecto a adxudicación de prazas de mobilidade sen contemplar a concesión de axudas económicas.

No caso de conseguir financiación adicional doutros organismos externos para esta convocatoria (Deputación de Pontevedra ou calquera outra que puidera xurdir durante o período de preparación da mobilidade ou durante a estadia) a Oficina de Relacións internacionais informará, xestionará e adxudicará, con posterioridade, as bolsas asociadas a estas prazas de intercambio.

En caso necesario, se a entidade financiadora o require, serán reguladas por convocatorias específicas dirixidas sempre ao estudantado que obtivese praza na presente convocatoria. Se non existe este requisito por parte da entidade financiadora, a presentación da solicitude para a presente convocatoria de prazas de intercambio outorga pleno dereito ao estudantado para participar no proceso de adxudicación das distintas axudas económicas que puideran xurdir sen ser necesaria a súa solicitude expresa en cada caso. As contías das bolsas recolleranse en resolucións reitorais individuais por tipo de financiación concedida.

En virtude dos convenios asinados, do Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar prazas en réxime de concorrencia competitiva destinadas a estudantes da Universidade de Vigo que desexen cursar no curso 2021-2022 estudos en institucións de ensino superior de países extracomunitarios.
1. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/dynamic/publications/> (Taboleiro de anuncios) e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo. Os anexos aos que se refiren as bases que regulan a convocatoria publicaranse no portal de bolsas.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.



Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 26/05/2020)

DOG 04/06/2020

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación

Esta resolución está asinada dixitalmente por

María Isabel Doval Ruiz



ANEXO I

**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PRAZAS PROPIAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO EN
PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS
CURSO 2021-2022****1. OBXECTO**

Ofrecer ao estudiantado da Universidade de Vigo matriculado en programas de Grao ou Máster a posibilidade de cursar estudos nalgunha das universidades extracomunitarias coas que a Universidade de Vigo asinou un convenio de intercambio de estudantes.

2. REQUISITOS

Poderá participar na presente convocatoria o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos académicos

- Estar matriculado/a no curso académico 2020-2021 en titulacións de Grao ou Máster de máis de 60 ECTS que se ofertan nos centros propios da Universidade de Vigo. Deberá estar matriculado así mesmo no curso 2021-2022 durante o seu período de intercambio.
- Presentación de proposta de estudos (anexo III) por cada unha das universidades solicitadas asinada polo coordinador/a académico. O número mínimo de créditos que se deben incluír será de 20 ECTS para un cuatrimestre ou 40 para curso completo.

2.2. Requisitos específicos das prazas

Os requisitos específicos das prazas aparecen detallados, se procede, no anexo II.

2.3. Requisitos lingüísticos

Acreditar coñecementos de idioma segundo os requisitos específicos que aparecen nas universidades do anexo II.

3. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

O formulario de solicitude en liña atópase na Secretaría Virtual (formularios e enquisas) da Universidade de Vigo **2021/22 BOLSAS PROPIAS SOLICITUDE DE INTERCAMBIO INTERNACIONAL**.

As persoas candidatas deberán cubrir e descargar o formulario de solicitude cuberto e presentalo na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) polo procedemento **ORI-Convocatoria Prazas Propias 2021-2022**, xunto coa documentación requirida na convocatoria.

En caso de dificultades técnicas durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

Só se aceptarán solicitudes presentadas a través da sede electrónica no prazo establecido, tal e como se indica nos parágrafos precedentes. Se, debido a algún problema, non fose posible presentar a



solicitude a través da sede electrónica, o alumnado deberá contactar, durante o prazo de presentación e con antelación suficiente, coa Oficina de asistencia en materia de rexistro, para que un funcionario habilitado faga a presentación no seu nome.

Para presentar a solicitude a través da sede electrónica pódense usar os seguintes sistemas de autenticación:

- Certificado dixital ou DNI electrónico
- Clave PIN
- Clave Permanente

Non obstante, os documentos esixidos na convocatoria deben asinarse con sinatura dixital, polo que, o alumnado deberá solicitar, se non o ten, o certificado de persoa física ou posuír un lector de DNI electrónico.

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-05/GL_manual_cidadania_FNMT.pdf

O alumnado deberá facilitar na solicitude de participación o enderezo de correo electrónico co dominio alumnos.uvigo.es. A comunicación entre a ORI e as persoas participantes realizarase sempre a través deste enderezo de correo electrónico.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e remata o 8 de xaneiro de 2021 ás 23:59 (hora peninsular española).

A solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- Anexo III: Proposta do programa de estudos que desexa realizar para cada unha das universidades de acollida, asinada polo/a solicitante e a persoa responsable de Relacións Internacionais do centro. Deberase presentar unha proposta por cada destino solicitado.
- Documentación acreditativa dos coñecementos de idioma no caso de ser necesaria para o destino seleccionado segundo se establece no anexo II. O coñecemento de idiomas deberá acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións oficiais:
<http://www.acles.es/uploads/archivos/Tablas de Certificados septiembre 2020/Tablas de certificados reconocidos por ACLES23 10 2020.pdf>
- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos específicos do Anexo II (de ser o caso).

4. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo **de dez días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación para emendar os erros e a falta de documentación presentando as alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) polo procedemento **ORI-Convocatoria Prazas Propias 2021-2022**, dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais.

Este prazo é para emendar as causas de exclusión das solicitudes, non se admitirán cambios nos destinos indicados na solicitude orixinal nin a alteración da orde dos mesmos.

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola Comisión de selección segundo os seguintes criterios:



1. Nota media do expediente académico ponderada pola media da titulación.

No caso dos estudantes de mestrado terase en conta a nota media ponderada do primeiro ciclo de estudos desde os que se accede á nova titulación.

A Comisión de selección está composta por:

Presidenta: Amelia Rodríguez Piña, Directora Técnica da ORI.

Secretaria: María Teresa Arce Aramendi, Xefa de Área da ORI.

Vogais: Cristina Vázquez Pérez, Xefa de Negociado da ORI.

Publicada a resolución definitiva de solicitudes admitidas e excluídas e efectuada a selección pola comisión, publicarase a listaxe provisoria de persoas candidatas seleccionadas e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) polo procedemento **ORI-Convocatoria Prazas Propias 2021-2022**, dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais.

Revisadas as alegacións, a Oficina de Relacións Internacionais elevará a proposta de **resolución definitiva de prazas concedidas, denegadas e lista de agarda**, á Vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación para a súa publicación.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 5 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse nos rexistros da Universidade e no portal de bolsas da web da universidade e na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/estudiantes-saintes>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

5. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas seleccionadas deberán aceptar ou renunciar a concesión da praza no prazo de 10 días hábiles desde a publicación da resolución definitiva de adxudicación do destino. De non facelo nese prazo, **entenderase que renuncia á praza de mobilidade**. O documento de aceptación/renuncia presentarase a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) polo procedemento **ORI-Convocatoria Prazas Propias 2021-2022**.



O alumnado en lista de agarda que resulte seleccionado con posterioridade a este prazo, debido á renuncia de alumnado seleccionado previamente, deberá aceptar a praza a través da sede electrónica da Universidade de Vigo polo procedemento **SXER-Instancia xenérica**.

Toda renuncia a unha praza xa aceptada con anterioridade, deberá presentarse por escrito. Esta renuncia deberá presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) polo procedemento **SXER-Instancia xenérica**.

6. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

1. Antes de realizar a solicitude, o estudantado deberá comprobar que na universidade de destino seleccionada existe unha oferta académica adecuada para o seu perfil académico e comprobar que cumpre cos requisitos lingüísticos que a universidade require indicados na súa páxina web oficial.
2. O estudantado realizará os trámites de matrícula correspondentes na Universidade de Vigo durante o curso 2021-2022, estando exentos do pagamento de taxas de matrícula na universidade de destino. Algunha das universidades de destino pode esixir ao estudantado algún tipo de taxa en concepto de organización de actividades, material, etc.
3. Comunicarse coa ORI a través da conta de correo co dominio alumnos.uvigo.es. Enviar as mensaxes unicamente á conta de correo outgoing.ori@uvigo.es. Identificarse con nome e apelidos e indicar a mobilidade na que se participa.
4. As persoas seleccionadas deberán entregar na ORI a seguinte documentación para xustificar a duración da súa estadía:

1. Antes do inicio da estadía:

- Presentar copia dun seguro de asistencia en viaxe de contratación obrigatoria. Debe enviarse a documentación relativa ao período cuberto polo seguro. A ORI dará información ao alumnado seleccionado.

- As persoas seleccionadas deberán elaborar un contrato de estudos en colaboración coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro ou da persoa encargada da súa titorización a través da Secretaría Virtual. Este contrato deberá elaborarse e ser aceptado antes do inicio do prazo de matrícula para o curso 2021-2022. No caso de modificacións do contrato, estas deberán facerse no primeiro mes do cuadrimestre na universidade de destino. Se as modificacións inflúen na matrícula efectuada na Universidade de Vigo no curso 2021-2022, estas deberán ser notificadas polo alumnado á secretaría do seu centro na Universidade de Vigo unha vez aprobado o contrato polo coordinador/a.

2. Ao inicio da estadía:

-Certificación de chegada conforme ao modelo publicado coa convocatoria. Deberá enviarse ao enderezo outgoing.ori@uvigo.es cuberto e asinado pola institución de destino. Conservar o documento orixinal da certificación ata o remate da estadía para que a institución de destino cubra a parte inferior na que certifica a data de finalización da estadía. A data que figura no documento de chegada non poderá ser anterior á que figura como data de comezo no convenio de subvención asinado polas partes.

3. Durante a estadía

O alumnado que teña aceptada unha mobilidade para o primeiro cuadrimestre poderá solicitar a ampliación da estadía a curso completo unha vez iniciada a mobilidade. Para solicitar a ampliación a persoa deberá recibir o consentimento por escrito do/a



coordinador/a académico/a da Universidade de Vigo e da universidade de acollida no formulario dispoñible para estes efectos. O alumnado interesado deberá remitir o formulario asinado por ambas partes á ORI antes do 17 de decembro de 2021. Unha vez que se conceda a ampliación, o alumnado tramitará os cambios no contrato de estudos e comunicaraos á secretaría de alumnado do seu centro de orixe.

O alumnado que decida reducir a súa estada deberá comunicalo á universidade de destino e á ORI enviado un correo a outgoing.ori@uvigo.es o máis axiña posible e deberá modificar o contrato de estudos e comunicalo á secretaría de alumnado do centro de orixe.

4. Finalizada a estada:

Certificado de realización da estada, orixinal e asinado e selado pola universidade de destino, sen emendas nin riscaduras. As persoas beneficiarias acreditarán a estada efectiva e a súa duración mediante o citado certificado. As datas de chegada e partida definitivas que aparezan neste certificado serán as que se terán en conta á hora de xustificar a estada real.

- Os/as beneficiarios/as serán os responsables de tramitar o seu visado e aboar os gastos, se é necesario, e asegurarse das condicións deste sobre todo no caso de estudantes con nacionalidade de países extracomunitarios e sen permiso de residencia permanente en España.

7. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a presente convocatoria e amparados pola Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades .

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede está obrigado a facilitar estes datos en virtude do especificado no parágrafo anterior e, en caso de non facelo, as consecuencias serán non poder realizar os trámites da convocatoria nin tramitar o pago da bolsa correspondente. Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.



Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo por medio do rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos a través do enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

GLOSARIO PARA A ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN:

A continuación indícase a nomenclatura que se de utilizar para presentar a documentación requirida.

Documentación para entregar coa solicitude	
Solicitude de participación	solps-apelido1-apelido2-nome/s
Proposta programa de estudos	proposta- apelido1-apelido2-nome/s
Certificado/a idiomas	cid- apelido1-apelido2-nome/s
Documentación para entregar unha vez seleccionados	
Documento de aceptación	acep- apelido1-apelido2-nome/s
Renuncia	re- apelido1-apelido2-nome/s
Documentación para entregar antes ou durante a estada	
Documento de ampliación da estada (de ser o caso)	amp- apelido1-apelido2-nome/s
Documento de chegada a destino	dll- apelido1-apelido2-nome/s
Seguro	seg- apelido1-apelido2-nome/s

